

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[Romaxes] Os Remedios, A Ermida (Quiroga)

O santuario da Virxe dos Remedios está situado na parroquia da Ermida, concello de Quiroga (Lugo). A igrexa actual foi construída entre os séculos XVII e XVIII. No altar maior estivo o coñecido Crismón de Quiroga, peza paleocristiá de finais do século IV ou comezos do V, agora depositado no Museo Diocesano de Lugo. A orixe lendaria do santuario recollérona de fonte oral os investigadores X. M. Blanco Prado e M. Rodríguez Sánchez, e di así: “*A tradición conta que certo día, fai deste moito tempo, un home con moita sed achegouse a beber a iste riancho que pasa pola Ermida. Alí veu a unha Virxen tallada en pedra que estaba o pé da beira. Deu conta do acontecido na aldea e o pobo en assemblea decidiu organizar unha procesión levando a imaxen hasta a igrexa parroquial poñendoa dignamente nun altar. Así o fixeron. Pero o domingo seguinte cando foron oír misa, veron con sorpresa ca Virxen non estaba, desaparecera. Levado dun presentimento o que atopara voltou o riancho. Alí estaba a imaxen perdida. De novo organizaron outra procesión aínda mais solemne ca primeira e volveronna a levar a igrexa tomando cuidado esta vez de pechar o templo con chave. Foi inútil, novamente desapareceu pra ir parar xunto do riancho. Convencidos xa de que o desexo da Virxen era o de permanecer naquel lugar, ergueronlle alí mesmo unha ermida e desde entón tense quedado nela”*

BIBLIOGRAFÍA

FONTE

BLANCO PRADO, J. M.; RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, M., *Devoción popular en el Santuario de la Ermida, Queiroga (Lugo) (I)*, Revista Lucus, nº 42, 1994, páxs. 32-39.

BIBLIOGRAFÍA

ESTÉVEZ, Xosé, *A lagoa da memoria*, Fato Cultural galego Daniel Castela, Trintxerpe, Pasaia, 2002